

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVICIOS DUN POSTO DE LICENCIADO/A EN DEREITO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Estando vacante o posto de Licenciado/a en Dereito no Servizo de Igualdade por xubilación da anterior titular e, sendo precisa a súa cobertura en comisión de servizos por un prazo de un ano prorrogable, mediante este anuncio se pon en xeral coñecemento para os/as que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión, presenten instancia por rexistro de entrada do Concello de Lugo, ben presencial ou telematicamente, coa solicitude do posto, acompañándose do currículo vitae ata o **9 de outubro de 2024**, inclusive.

Nº Postos	Denominación Posto	Código	Escala	Subescala	Grupo
1	42/259	LICENCIADO/A DEREITO	A.E.	TEC.	A1

Requisitos:

- Titulación de grado ou equivalente en Dereito.
- Acreditación de formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero; a formación acreditarase mediante xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades e, a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I-entidades de acción voluntaria- (Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento).

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da sede electrónica, páxina web e remitirase o anuncio aos correos corporativos.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe, Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, por suplencia do Tenente de Alcaldesa da Área de Xestión Integral de Recursos internos.